



ACORDOS DA COMISIÓN PERMANENTE 30/04/2026 DO COMITÉ DE DIRECCIÓN DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO (EIDUDC)

1. DIRECCIÓN DE TESES

- a) A modificación da dirección de teses debe ter en consideración unha aportación substancial do/a director/a incorporado/a. Como tal, non se aceptará a inclusión de novos/as directores/as nas teses cunha data de depósito inferior a 6 meses. (Modificado o recollido no acordo do 27/02/2026 que figuraba “cunha data de fin de depósito inferior a 6 meses”)

2. TESES CON MENCIÓN INTERNACIONAL

Nas teses con mención internacional o/a doutorando/a debe realizar unha ou varias estadias durante, polo menos, tres meses de duración (considerándose como tal un mínimo de 90 días) fóra de España nunha ou varias institucións de ensinanza superior ou centros de investigación de prestixio co obxecto de complementar e reforzar a súa formación investigadora. En caso de realizar varias estadias, polo menos unha delas terá unha duración mínima dun mes.